



Convocatoria de 21 de setembro de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, do I Concurso de Lectura en voz alta, “Ler e escoitar”, para o fomento da lectura en centros públicos, de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que matriculen alumnado de 3º Ciclo de primaria e/ou de 1º Ciclo de ensinanza secundaria obrigatoria.

Segundo o recollido na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria debe prestar unha atención prioritaria ao conxunto de factores que favorecen a calidade da ensinanza, entre os que se nomean o fomento da lectura e o uso das bibliotecas.

No desenvolvemento curricular da Comunidade Autónoma contéplase a obrigatoriedade dos centros educativos de incorporar ao seu Proxecto Educativo un Proxecto Lector de Centro que integre as actuacións destinadas ao fomento da lectura e da escritura, e á adquisición das competencias básicas. Os centros educativos deberán tomar decisións que permitan a formación de lectoras e lectores competentes, e a creación e consolidación do hábito de lectura. Deberán facilitar, así mesmo, o desenvolvemento de actitudes favorables á lectura mediante a creación de ambientes lectores, entre outras estratexias.

Baixo o lema “*Hora de ler*” contéplanse diversas actuacións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria destinadas a incentivar actividades para o fomento da lectura no contexto escolar, apoiando ao profesorado no seu labor de educar a competencia lingüística do alumnado e de contribuír, xunto con outras institucións como a familia, ao desenvolvemento de hábitos de lectura e aproveitamento dos recursos culturais para unha formación persoal e académica máis completa. A lectura comprensiva de textos diversos e variados é imprescindible para adquirir coñecementos e desenvolver pensamento e xuízo crítico, e á súa adquisición van orientados unha boa parte dos esforzos do profesorado, entendendo que esta competencia é imprescindible para o alumnado. Por outra parte, a lectura persoal e íntima é a que permite avanzar no longo camiño de aprendizaxe deste instrumento básico. Falar das lecturas, compartir experiencia lectora é unha forma máis de comunicar e serve para entender mellor e acadar máis altas cotas de comprensión. Pero a lectura en voz alta, a lectura expresiva, segue a ser unha forma de expresión e de comunicación necesaria, útil e fermosa, que compre practicar e para a que se poñen en xogo un grupo de habilidades de gran interese para a vida persoal e social.

O ano 2010 foi declarado pola Xunta de Galicia, Ano do Libro e da Lectura de Galicia, segundo o Decreto 369/2009, do 23 de xullo. O artigo 2º deste decreto recolle que “as institucións públicas galegas, os centros de ensino, as bibliotecas, as asociacións e federacións culturais dependentes da Xunta de Galicia dedicarán unha parte da súa actividade a pór de relevo esta manifestación contribuíndo, con iso, ao recoñecemento do libro como instrumento para a promoción e a divulgación da cultura, da historia e da lingua de Galicia”. Fóra doutras iniciativas desta consellería para apoiar a presenza do libro nos centros educativos e a posta en valor do



feito de ler entre a comunidade escolar, propónse unha recuperación da lectura en voz alta como actividade social e educativa, e como instrumento para avanzar na consecución dunha competencia básica tan importante como é a comunicación lingüística en toda a súa complexidade.

Por todo o anteriormente exposto, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, que coordina intervencións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en materia de bibliotecas escolares e fomento da lectura,

DISPÓN:

Apartado 1: Obxecto, destinatarios e financiación

Convocar un concurso de lectura en voz alta, baixo o lema “*Ler e escoitar*”, dirixido ao alumnado de 3º ciclo de primaria e 1º ciclo de Ensinanza Secundaria Obrigatoria de centros públicos galegos, de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, coa finalidade de estimular a práctica da lectura expresiva e apoiar as iniciativas do profesorado neste ámbito.

Os gastos ocasionados no desenvolvemento desta iniciativa realizaranse con cargo á partida 09.05.423B.640.5 de programas de fomento da lectura, dos orzamentos da consellería para o ano 2010, por un máximo de 16.000€.

Apartado 2: Características do concurso

- 1) Os participantes amosarán as súas habilidades a través da lectura en voz alta de dous textos:
 - Un fragmento dunha obra, seleccionada polo xurado.
 - Un fragmento ou obra elixida por cada un dos participantes a título individual ou grupal.
- 2) A duración da lectura de cada un dos fragmentos ou obras escollidas deberá ser entre catro e seis minutos.
- 3) No caso dos grupos participantes, todos os integrantes de cada un deles terán que ler algún anaco da obra escollida, sendo estes de duración similar.

Apartado 3: Fases do concurso.

O concurso “*Ler e escoitar*” desenvolverase en tres fases:

- a. **Unha primeira fase no centro:** poderán presentarse os alumnos e alumnas que así o desexen, comunicándollo ao equipo directivo ou a quen se estipule a tal fin. Cada centro formará un xurado composto como mínimo por dous profesores dos niveis educativos dos participantes, que realizará as probas e seleccionará un alumno ou alumna e, no seu caso, un grupo de cada unha das categorías contempladas, para o seu pase á seguinte fase de carácter autonómico. Estas probas axustaranse ao previsto no apartado 2 desta convocatoria. Esta fase celebrarase nas datas



que determine o centro, tendo en conta que o prazo para a presentación de documentación para a fase autonómica rematará o 30 de outubro de 2010. Para participar nesta fase, os centros deberán remitir un vídeo por cada un dos participantes das diversas categorías ou modalidades, coa identificación correspondente no que figure o nome e o nivel educativo dos lectores ou lectoras (para o que se solicitará a oportuna autorización dos pais e nais; este material, unha vez resolta a fase final do concurso, será convenientemente eliminado)

- b. **Fase autonómica:** Nomearase un Xurado que seleccionará un máximo de cinco alumnos / grupos finalistas, por cada unha das categorías e modalidades, analizando os vídeos remitidos polos centros coa participación dos lectores e lectoras.
- c. **Fase final:** desenvolvidas as dúas fases anteriores, segundo os criterios especificados, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos fixará unha data e un lugar para a celebración das lecturas finais que será comunicada aos centros con antelación suficiente. O alumnado deberá ler en directo, novamente, un texto seleccionado polo xurado e outro libremente elixido. Nesta fase final escollerase o alumnado premiado no certame.

Apartado 4: Categorías e modalidades

Establécense as seguintes categorías e modalidades, así como os premios en cada unha delas:

- **Categoría A**, alumnado que curse estudos de 3º ciclo de **ensinanza primaria**.
 - o Modalidade **individual**:
 - Primeiro premio: 1 lote de libros para o alumno ou a alumna, e unha achega de 300 € para fondos e/ou materiais de fomento da lectura para biblioteca do centro.
 - Segundo premio: 1 lote de libros para o alumno ou a alumna, e unha achega de 200€ para fondos e/ou materiais de fomento da lectura para biblioteca do centro.
 - o Modalidade **de grupo**. Poderán participar grupos de ata 5 alumnos/as.
 - Primeiro premio: 1 lote de libros para cada un dos participantes, e unha achega de 500 € para fondos e/ou materiais de fomento da lectura para biblioteca do centro.
 - Segundo premio: 1 lote de libros para cada un dos participantes, e unha achega de 300 € para fondos e/ou materiais de fomento da lectura para biblioteca do centro.
- **Categoría B**, alumnado que curse estudos de **ensinanza secundaria obrigatoria**.
 - o Modalidade **individual**:
 - Primeiro premio: 1 lote de libros para o alumno ou a alumna, e unha achega de 300 € para fondos e/ou materiais de fomento da lectura para biblioteca do centro.



- Segundo premio: 1 lote de libros para o alumno ou a alumna, e unha achega de 300 € para fondos e/ou materiais de fomento da lectura para biblioteca do centro.
- Modalidade **de grupo**. Poderán participar grupos de ata 5 alumnos/as.
 - Primeiro premio: 1 lote de libros para cada un dos participantes, e unha achega de 500 € para fondos e/ou materiais de fomento da lectura para biblioteca do centro.
 - Segundo premio: 1 lote de libros para cada un dos participantes, e unha achega de 300 € para fondos e/ou materiais de fomento da lectura para biblioteca do centro.

En ámbalas dúas modalidades, o alumnado finalista recibirá, así mesmo, un lote de libros.

Apartado 5: Solicitudes

- 1) Os centros interesados presentarán solicitude formalizada segundo o anexo I ou II, dependendo da categoría na que participen.
- 2) A prazo de presentación de solicitudes e envío de documentación para a fase autonómica remata o **30 de outubro de 2010**.
- 3) Xunto coa solicitude deberá remitirse un vídeo en soporte CD ou DVD, por cada unha das categorías (Primaria ou ESO) e modalidades (individual ou de grupo) nas que se desexe participar, coas gravacións correspondentes ás lecturas dos alumnos ou alumnas participantes. Deberá identificarse con claridade cada disco cos datos do centro, a categoría e a modalidade á que pertence.
- 4) As solicitudes e toda a documentación e presentaranse na oficina de Rexistro Único e Información (edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), ou nos lugares e na forma previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro). Paralelamente, enviarase un correo electrónico ao enderezo bibliotecasescolares@edu.xunta.es, dende o enderezo oficial do centro, indicando no asunto “entregada documentación concurso *LER E ESCOITAR*”, sen outro detalle.

Se a solicitude fose remitida por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder á súa certificación.

- 5) Presentada a solicitude, examínase para ver se reúne os requisitos esixidos e se vai acompañada da preceptiva documentación, requiríndose en caso contrario ao solicitante para que, no prazo de dez días, emende e/ou complete os documentos e/ou datos que deben achegarse, advertíndolle que se así non o fixera, terase por desistido da súa petición e procederase ao seu arquivo logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos poderá requirir do centro



solicitante cantos documentos e aclaracións considere necesarios para complementar o expediente.

Apartado 7: Xurado e criterios de valoración

O Xurado que actuará na fase autonómica, estará presidido polo Director Xeral de Centros e Recursos Humanos ou persoa en quen delegue, e estará integrado por:

- O Subdirector Xeral de Centros.
- Dous asesores/as de bibliotecas escolares da Rede de Centros de Formación e Recursos do profesorado.
- Dous profesores/as dos niveis educativos participantes.
- Unha asesora de Bibliotecas Escolares da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretario/a, con voz e sen voto.

O xurado poderá dispoñer a constitución dunha comisión técnica formada por profesorado para os efectos de colaboración na valoración das solicitudes.



O xurado, revisadas as gravacións presentadas, seleccionará o alumnado finalista que participará na sesión final de lecturas en público, que será convocada no seu momento, e na que se coñecerán os premios definitivos do concurso, nun acto público dedicado á exaltación da lectura.

Á hora de valorar as lecturas, o xurado terá en conta articulación, fluidez, ritmo, expresividade, volume, dominio da linguaxe verbal, e tamén da linguaxe corporal, á hora de ler os textos.

Apartado 8: Premios

Os premios da fase autonómica do concurso, destinados ao alumnado directamente, serán entregados no acto público que se organizará a efecto de resolución deste. Os centros de procedencia do alumnado gañador recibirán as contías contempladas no apartado 4, para fondos e/ou materiais de fomento da lectura para a biblioteca, na súa conta bancaria e no prazo máis breve posible.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2010
O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS



José Manuel Pinal Rodríguez



ANEXO I

ACTUACIÓN	DOCUMENTO
ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LECTURA EN CENTROS DE ENSINO: CONCURSO DE LECTURA EN VOZ ALTA "LER E ESCOITAR"	SOLICITUDE

DATOS DO SOLICITANTE

Nome do Centro		Código	
Enderezo			
Concello	C.P.	Tfno.	e-mail

Don/Dona, como director/a do centro, **solicita a inscrición, do alumnado que se relaciona, na fase autonómica do CONCURSO DE LECTURA EN VOZ ALTA**, segundo convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de 21 de setembro de 2010, publicada no Portal Educativo.

En a de de 2010

(Selo e sinatura) Asdo.:

Alumnado participante

CATEGORIA A - EDUCACIÓN PRIMARIA – 3º CICLO	
MODALIDADE INDIVIDUAL	
Apelidos:	Nome:
DNI:	Nivel:
MODALIDADE DE GRUPO (máximo 5 integrantes)	
Alumno/a 1	
Apelidos:	Nome:
DNI:	Nivel:
Alumno/a 2	
Apelidos:	Nome:
DNI:	Nivel:
Alumno/a 3	
Apelidos:	Nome:
DNI:	Nivel:
Alumno/a 4	
Apelidos:	Nome:
DNI:	Nivel:
Alumno/a 5	
Apelidos:	Nome:
DNI:	Nivel:



ANEXO II

ACTUACIÓN	DOCUMENTO
ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LECTURA EN CENTROS DE ENSINO: CONCURSO DE LECTURA EN VOZ ALTA “LER E ESCOITAR”	SOLICITUDE

DATOS DO SOLICITANTE

Nome do Centro		Código	
Enderezo			
Concello	C.P.	Tfno.	e-mail

Don/Dona, como director/a do centro, **solicita a inscrición, do alumnado que se relaciona, na fase autonómica do CONCURSO DE LECTURA EN VOZ ALTA**, segundo convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de 21 de setembro de 2010, publicada no Portal Educativo.

En a de de 2010

(Selo e sinatura) Asdo.:

Alumnado participante

CATEGORIA B - EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA – 1º CICLO

MODALIDADE INDIVIDUAL

Apelidos:	Nome:
DNI:	Nivel:

MODALIDADE DE GRUPO (máximo 5 integrantes)

Alumno/a 1	
Apelidos:	Nome:
DNI:	Nivel:
Alumno/a 2	
Apelidos:	Nome:
DNI:	Nivel:
Alumno/a 3	
Apelidos:	Nome:
DNI:	Nivel:
Alumno/a 4	
Apelidos:	Nome:
DNI:	Nivel:
Alumno/a 5	
Apelidos:	Nome:
DNI:	Nivel:

SR. DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
SAN CAETANO – 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA